



O paxaro de María
ándame nas miñas creixas.
“Come paxariño, come
verémolas que me deixas.”

VI 1965

Polo mar abaixo
vai unha formigha
cunha man na testa
e outra na barrigha
e outra na barrigha
e outra na barrigha
polo mar abaixo
vai unha formigha.

- Eu tiña un tan bonito.

VI 2046b

O corazón dunha pulgha
teño de mandar ghisar
dáme xantar e merenda
e cea para cear.

[A ronron] mi nene
a ronron mi sol
a ronron la prenda
de mi corazón.
Ai este meniño
que quere durmir
que cerra os olliños
e os volve abrir.

- E xa dixeran algúns. (...)
- De servir al rey... Aínda o cantou María Jesús no San Ramón.

Del jardín al prado
del prado al jardín
a regar las flores
de mayo y de abril.

- Un de dentro e outro de fóra. Fan unha roda. Un de dentro e outro de fóra.

“Yo soy la viudita
del conde Laurel
casarme quisiera
no hallo con quen.”



“Siendo usted tan joven
no halla con quen
aquí estamos todos
para usted escoller.”

Eu escollo nesta
por ser la más linda
a bella azucena
que arregla el jardín.

Pues dáme una mano,
pues dame la otra
pues dame...

(...)

[As mociñas que hai aghora]
dicen que non beben viño
e debaixo do mandil -e
levan o xerro escondido.

“A onde vas María
con ese mandil.”

“Vou buscar castañas
ó ferrocarril,
ó ferrocarril.”

“A onde vas María
con ese mandil.”

- A ver se o cantades as dúas.
- E en que tono?

As mociñas que hai aghora
dicen que non beben viño
e debaixo do mandil -e
levan o xerro escondido.

A muiñeira ribeiriña
a muiñeira ribeirana
a muiñeira ribeiriña
tócocha de mala gana.

- Toma. Tócalle aí.

(Tocan a pandeireta)

- Eu non podo con esta man.
- É de miña abuela, xa ten moitos anos.